



VISITA AO MUPEGA

GUÍA PARA DOCENTES DE EDUCACIÓN SECUNDARIA



museo
pedagógico
de galicia

Guía para docentes Educación Secundaria que visiten a exposición temporal

O Museo Pedagógico de Galicia, MUPEGA, é un centro específico da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, destinado a recuperar, salvagardar, estudar, mostrar e difundir todas aquelas expresións educativas que poñan de manifesto a variedade e riqueza do patrimonio pedagógico de Galicia.

O MUPEGA oferta aos centros educativos visitas guiadas adaptadas ás idades e intereses do alumnado para que resulte proveitosa e enriquecedora.

Tratamos o temas dun modo lúdico e atractivo, utilizando unha metodoloxía activa e participativa.

Para completar a visita ao Mupega, o equipo de didáctica deseñou un conxunto de actividades para realizar na aula antes e despois da visita.



A exposición permanente do MUPEGA distribúese ao longo das tres plantas do edificio e, entre o que se pode visitar, están as aulas de indianos e americanos, as aulas históricas, a sección adicada ao segundo ensino, os xoguetes ou o ensino especial.

Tendo en conta o marco teórico do *DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece el currículo da educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*, encádrase a visita na consecución dos obxectivos, aprendizaxe dos contidos e adquisición de competencias clave:

OBXECTIVOS PRINCIPAIS:

- Coñecer como eran as escolas desde principios do século XIX e a súa evolución no tempo (Escolas de incianos, Escolas de Ferrado, Escola da Restauración, Escola da II República, Escola do Franquismo e a Escola da Transición).
- Relacionar os coñecementos históricos coa simboloxía e características de cada aula.
- Identificar os membros da organización escolar e os seus recursos.
- Gozar dos espazos que ofrece o museo.

CONTIDOS A TRABALLAR:

- A escola: organización escolar, os seus membros e roles, aspectos físicos e recursos.
- Observación e experimentación como proceso básico que favorece a iniciación ao coñecemento científico.
- Identificación dos diferentes tipos de aula co seu contexto histórico.
- Toma de conciencia do paso do tempo investigando sobre a evolución da escola.
- As pegadas da historia: duración e datación de feitos históricos significativos da escola.
- Representación no tempo histórico a través das liñas do tempo.
- O museo como espazo de aprendizaxe e de gozo.

COMPETENCIAS CLAVE:

Os contido traballados no MUPEGA contribúen ao desenvolvemento das competencias clave sendo moi salientable:

- Comunicación lingüística: dominio de destrezas comunicativas en diferentes rexistros, con capacidade de comprensión crítica en todos os soportes.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía: destrezas relacionadas coa iniciativa científica, co desenvolvemento de espírito de investigación e co uso dos números como linguaxe en diversos soportes.
- Competencia dixital: incorporando o dominio das novas tecnoloxías, a seguridade na rede e a valoración crítica do seu impacto na sociedade.

- **Aprender a aprender:** habilidades relacionadas co tratamento de textos, realización de esquemas, capacidades de resumo e valoración da aprendizaxe como ferramenta social.
- **Competencias sociais e cívicas:** Relacionado cos coñecementos das institucións, o desenvolvemento de valores críticos e a adquisición de destrezas de análise social utilizando diferentes medios e soportes.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:** xunta elementos de desenvolvemento da autonomía persoal, coñecementos do mundo económico e valoración da contorna social e empresarial.
- **Conciencia e expresións culturais:** engloba coñecementos sobre a cultura propia e allea, o respecto polas diferenzas e a valoración da interculturalidade na nosa sociedade.

PROXECTO DE INVESTIGACIÓN:

Animamos a profesorado e alumnado a realizar un traballo de investigación, como por exemplo, calquera dos seguintes:

- **As aulas dos nosos maiores:** características do ensino hai uns 60 anos. No caso de que o instituto sexa antigo, poderase centrar a investigación no propio centro.
- **A educación na propia localidade/cidade:** número e tipo de centros educativos (escolas, institutos, universidade) e momento da súa creación; personaxes importantes relacionados coa educación na miña zona;...
- **O nome dos centros educativos :** investigar en homenaxe a quen os centros educativos da miña localidade/cidade recibiron ese nome e mergullar un pouco sobre a súa biografía.
- **A figura do/a mestre/a:** a evolución do seu traballo dende os inicios ata a actualidade, a súa forma de vida, preparación, retribucións, condicións...
- **A emigración en Galicia, na propia localidade ou na propia familia e a súa relación co ensino.**
- **A educación noutra comunidade/país:** características, similitudes e diferenzas en relación co ensino en Galicia nun determinado período histórico.

- **Investigación sobre unha ou varias pezas empregadas no ensino dunha determinada materia:** uso da peza na aula, contidos que permitiría aprender, fabricante ou lugar de procedencia, data ou época de fabricación. Comparación coa actualidade.
-

Trátase dunha tarefa de investigación dos alumnos/as, onde deberán buscar, seleccionar e organizar información concreta e relevante, analizar, obter conclusións, reflexionar respecto ao proceso seguido e elaborar un informe final. Esta actividade pode facerse en grupo, para favorecer o traballo colaborativo e en equipo.

Poderán utilizarse distintos recursos (bitácoras, redes sociais, páxinas especializadas, vídeos...) para elaborar os traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados. Manexaranse imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as novas tecnoloxías da información e a comunicación.

A actividade constaría de tres partes:

1. Antes da visita:

O primeiro que hai que facer é recompilar información das diversas fontes: internet, entrevistas (profesorado maior do centro, avós/as, bisavós/as,...), documentación escrita, imaxes (fotografías, cadros)...



A información hai que seleccionala, por iso hai que elaborar un guiión ou sumario que será traballo dos alumnos/as. Este paso é fundamental, pois deberán seleccionar a información, quedarse co máis importante, e ordenar e organizar o contido en apartados.

Un exemplo dun guiión para recompilar información para o proxecto “As aulas dos nosos maiores” podería ser:

· Os institutos:

- Como eran?
- Onde estaban emprazados?
- Que cidades foron as primeiras en ter institutos públicos?
- Tiñan elementos básicos: auga, luz, baño...?
- ...

· O persoal docente:

- Como eran os profesores? Que cambios observas co profesorado actual?
- Que outros cargos eran necesarios nos centros?
- Que aspectos eran fundamentais durante as clases?
- Que normas se impoñían nas clases de antes?
- ...

· As aulas:

- Que mobles había?
- Eran grandes ou pequenas?
- Cantos nenos e nenas había nas aulas?
- Eran aulas mixtas? Todos os alumnos tiñan a mesma idade?
- Que tipo de alumnado acudía ao Instituto? Por que?
- ...

· Os materiais:

- Con que libros aprendían?
- Que materiais utilizaban para escribir?
- Tiñan os mesmos materiais e materias os nenos e as nenas.
- ...

· As materias e etapas educativas:

- Que materias estudaban e que contidos trataban?
- Estudaban os nenos/as as mesmas materias?
- Cales eran as etapas educativas? Había probas para acceder a etapas superiores?

2. Visita ao MUPEGA

Na visita ao museo, os alumnos poderán comprobar as diferenzas das aulas de antes coa súa, así coma a transformación das aulas dependendo do momento histórico nas que se encadran (Restauración Borbónica, II República, Franquismo, Transición) e a estreita relación co contexto social, político e económico do momento. Tamén poderán ver a sección adicada ao ensino secundario, as escolas de americanos, os materiais que se empregaban na escola e mesmo xoguetes cos que se divertían os nenos/as de antes.



3. Despois da visita

Cada grupo, deberá plasmar todas as conclusións obtidas despois da busca de información e da visita ao museo e elaborar un mural, un traballo escrito, unha presentación ou unha pequena curta. Poderanse empregar elementos multimedia (movie maker, Prezi, visme, canva, power point...), realizar documen

Propoñemos tamén que o alumnado presente os seus traballos na clase, dado que as exposicións orais son unha boa maneira de desenvolver as competencias sociais e cívicas, así como a lingüística.

Os traballos realizados poden ser enviados ao museo para darlle difusión.

